# MEMORIA 2007



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

# MEMORIA 2007

Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

# MEMORIA 2007

# INTRODUCIÓN

# POLA IGUALD

Un ano máis chega ás vosas mans a Memoria do COPG.

O ano 2007 foi para o Colexio o ano "Pola Igualdade", unha temática transversal no noso traballo profesional, que ademais serviu como eixo vertebrador de moitas propostas e accións colexiais.

Por unanimidade e con abafadoras razóns, a Xunta Xeral ordinaria do 29 de maio de 2007, aprobou a proposta de modificación do nome do COPG, mantendo o acrónimo mais quedando como novo nome "COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA". Un cambio que se incorporará nos Estatutos do Colexio e que fai xustiza a todas as psicólogas colexiadas que, sendo maioría en número, se vían representadas nun xenérico masculino singular considerado sexista.

É fondamente satisfactorio comprobar que segue a producirse un incremento constante na incorporación de novas psicólogas e psicólogos ao Colexio.

Sen dúbida foi este un ano importante na consolidación das relacións institucionais coa Administración Galega, renovándose convenios de colaboración xa existentes en anos anteriores e creándose outros de nova sinatura.

Esta intensa actividade institucional, que tamén se viu reflectida coa participación do COPG facendo achegas e propostas en variados eidos, tivo como contrapartida un aumento cualitativo na dinámica e traballo das seccións, grupos de traballo e comisións intersectoriais involucrados activamente na achega de ideas e contidos e mesmo na representación do Colexio.

Asemade, tamén se reforzou a formación permanente dos e das profesionais ofertando un importante número de actividades formativas, que posibilitaron a posta ao día e perfeccionamento dos coñecementos profesionais de psicólogos e psicólogas.

Para ofrecer unha canle de información actualizada e permanente coas colexiadas e colexiados, renovouse regularmente a web e fóronse desenvolvendo novos contidos nas distintas seccións nun proceso que esperamos mellorar, na medida do posible, no ano 2008.

# ADE DE XÉNERO

Outro ámbito que mereceu o noso esforzo e dedicación foi a creación de novos servizos colexiais así como a mellora dos xa existentes.

En canto á proxección social do COPG, e polo tanto da nosa profesión, confírmase un incremento da presenza nos medios de comunicación e mesmo a demanda por parte destes de opinións profesionais cualificadas diante de temas de actualidade e relevancia social, aos que o Colexio respondeu a través de notas de prensa, artigos de opinión e entrevistas.

Para reforzar a presenza do Colexio na sociedade e abrilo a novos espazos deu comezo á súa andadura a Comisión Cultural, coa promoción de diversas actividades neste eido.

Toda esta importante actividade organizativa foi acompañada dunha estreita e cooperativa relación cos demais Colexios Profesionais de Psicoloxía do Estado, participando activamente nos órganos de goberno e nas distintas áreas de traballo do Consejo General de COP, que neste ano iniciou o proceso de modificación dos seus Estatutos.

Nas derradeiras páxinas, amósase o capítulo económico do exercicio de 2007. Como podedes comprobar a actividade colexial esixe que a administración e xestión diaria sexa precisa e rigorosa para que o balance final resulte positivo e axustado ao previsto para cada ano.

Manter un ano máis esta intensa e produtiva actividade colexial foi posible grazas á participación e ideas de moitas persoas que estades implicadas na visibilización e valorización da Psicoloxía.

Desde a Xunta de Goberno elaboramos e asumimos esta memoria, que reflicte o traballo de todo un ano dunha organización colexial forte e viva como é o Colexio que facemos entre todas e todos nós.

**A Xunta de Goberno.**

# ÍNDICE


1. **Estado da colexiación** ... 8
2. **Órganos de xestión** ... 9
   - Xunta Xeral ... 9
   - Xunta de Goberno ... 9
3. **Comisión Deontolóxica.** ... 10
4. **Seccións.** ... 12
   - Sección de Psicoloxía Clínica ... 12
   - Sección de Psicoloxía Educativa ... 15
   - Sección de Psicoloxía Xurídica ... 16
   - Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións ... 17
   - Sección de Psicoloxía da Intervención Social ... 19
5. **Comisións.** ... 21
   - Comisión Intersectorial de Mediación ... 21
   - Comisión Intersectorial sobre Inmigración ... 23
   - Comisión Intersectorial de Xénero ... 24
   - Comisión de Psicoloxía do Deporte ... 26
   - Comisión de Cultura ... 26
6. **Grupos de Traballo** ... 27
   - GIPCE. Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias. ... 27
   - Grupo de Trafico e Seguridade ... 29
   - Grupo de Traballo dos CIM ... 31
7. **Convenios coa Administración** ... 32
   - Programa “Abramos o Circulo” ... 32
   - Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero ou Doméstica. ... 34
   - Mediación Familiar ... 36
   - Adopcións Internacionais ... 37
   - Atención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias ... 38
8. **Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense** ... 39
9. **Beca Siota de Investigación en Psicoloxía** ... 40
10. **Representación colexial nos Consellos** ... 41
11. **En representación do COPG** ... 42
12. **Relacións e colaboracións institucionais** ... 46
13. **O COPG e o Consejo General de COP** ... 52
14. **Publicacións** ... 54
15. **Medios de comunicación** ... 55
16. **Servizos colexiais** ... 56
17. **Balances económicos** ... 59

# 1. ESTADO DA COLEXIACIÓN A 31/12/2007

| **Altas** | **171** |
|---|---|
| Última promoción | 63 |
| Outras promocións | 63 |
| Reincorporacións | 4 |
| Traslados | 9 |

| **Baixas** | **74** |
|---|---|
| Voluntarias | 54 |
| Por falta de pagamento de cotas | 16 |
| Traslados | 4 |

| **Colexiados e colexiadas inscritos nas Seccións Profesionais do COPG** | |
|---|---|
| Sección de Psicoloxía Clínica | 244 |
| Sección de Psicoloxía Educativa | 78 |
| Sección de Psicoloxía da Intervención Social | 67 |
| Sección de Psicoloxía Xurídica | 97 |
| Sección de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións | 57 |

**Total colexiados e colexiadas a 31/12/2007** **2.029**

# 2. ORGANOS DE XESTIÓN



## XUNTA XERAL

A Xunta Xeral de Colexiadas/os é o órgano supremo de decisión do Colexio, e está constituída por tódolos/as colexiados/as.

Celebráronse as seguintes sesións:

- **29 de maio.** Reunión ordinaria.
- **11 de decembro.** Reunión ordinaria.

## XUNTA DE GOBERNO

A Xunta de Goberno é o órgano executivo e de representación do Colexio.

**Mª Rosa Álvarez Prada**
Decana

**Hipólito Puente Carracedo**
Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Inmigración / Responsable da Páxina Web

**Ana Mª Fieira Nogareda**
Secretaria

**Mª Concepción Prado Álvarez**
Vicesecretaria. / Responsable de Emprego

**Miguel Ángel Chouza Ponte**
Tesoureiro

**Xosé Lois Cea Nogueira**
Vogal

**Juan Manuel Daponte Codina**
Vogal / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación

**José Luis Domínguez Rey**
Vogal / Responsable da Circular Informativa / Correspondente de Infocop

**Concha Fernández Fernández**
Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero

**Eva Muíño Gómez**
Vogal / Coordinadora Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade

**Antonio González Fernández**
Vogal / Coordinador da Xunta de Goberno coa Comisión Deontolóxica

**Concha Rodríguez Pérez**
Vogal / Vogalía de Actividade Profesional Privada

**Víctor Manuel Torrado Oubiña**
Vogal / Vogalía de Formación



Celebráronse un total de 8 reunións da Xunta de Goberno e 7 reunións da Comisión Permanente para a dirección e xestión da actividade colexial.

# 3. COMISIÓN DEONTOLÓXICA

A Comisión Deontolóxica está formada polo Presidente, a Secretaria e tres vogais, coas atribucións propias dos seus cargos, e que son nomeados pola Xunta Xeral a proposta da Xunta de Goberno.

Son fins desta Comisión, entre outros, promover comportamentos éticos no exercicio da profesión e desenvolver o Código Deontolóxico.

Para desenvolver tales funcións, a Comisión Deontolóxica dispón de total independencia e facultades e competencias plenas no desenvolvemento das súas funcións.

## REUNIÓNS

Celebráronse nove reunións:

- 20 de xaneiro
- 23 de febreiro
- 3 de maio
- 14 de xuño
- 4 de xullo
- 12 de xullo
- 20 de agosto
- 25 de setembro
- 20 de novembro

## COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DEONTOLÓXICA

**Elixio A. Domarco Álvarez**
Presidente.

**Mª José Toba Santabaya**
Secretaria (ata o 11 de decembro)

**Marta Rivas Rodríguez**
Secretaria (a partires do 11 de decembro)

**Francisco Blanco Romero**
**Mª José Ramil Fraga**
**Marta Rivas Rodríguez** (ata o 11 de decembro)
**Mª Ángeles Castro Díaz** (a partires do 11 de decembro)
Vogais

**Antonio González Fernández**
Coordinación coa Xunta de Goberno



## ACTIVIDADES

### a) Cursos de formación:

*Ética profesional e deontoloxía para psicólogos/as*
Datas: 27 de outubro.
Docente: Carmen del Río Sánchez

### b) Denuncias:

Abríronse dez expedientes ao longo deste ano, dos cales: 2 admitíronse a trámite, 3 arquiváronse por documentación insuficiente, 3 arquiváronse por non existir vulneración do Código Deontolóxico e 2 están en proceso de valoración.

### c) Consultas:

Recibíronse e atendéronse dezaseis consultas sobre deontoloxía profesional formuladas polos colexiados/as. A temática das consultas foi a seguinte: Confidencialidade e historia clínica, relación entre profesional e cliente, cobro de honorarios e autorizacións para informes periciais de menores.

### d) O Presidente da Comisión, Elixio Domarco Álvarez, participou nas seguintes actividades:

- Dúas sesións do Prácticum das/os alumnas/os de 5º curso da Facultade de Psicoloxía da USC.
- Reunión co Presidente da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG para tratar temas deontolóxicos e promover a colaboración conxunta para a mellora da formación e actuación dos/as psicólogos/as neste ámbito.



# 4. SECCIÓNS

Para o mellor cumprimento dos fins colexiais nos distintos ámbitos de intervención psicolóxica, o Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia dispón de 5 Seccións Profesionais que agrupan a todos aqueles colexiados e colexiadas integradas/os nun ámbito disciplinario de especialidade profesional cunha identidade definida e recoñecida.

## 4.1. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA CLÍNICA

### REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 13 de febreiro
- 10 de abril
- 12 de xuño
- 4 de setembro
- 9 outubro
- 6 novembro
- 23 de novembro, Asemblea de Socias/os

### COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

**Mercedes Castro Bal**
Presidenta

**Mª del Pilar Milán Cerqueiro**
Vicepresidenta

**Manuel Castro Bouzas**
Tesoureiro

**Xavier Sardiña Agra**
Secretario

**Yolanda Castro Casanova**
**Rosa Cerqueiro Landín**
**Dolores González Cabaleiro**
**José Javier González Hermida**
**Delia Guitián Rodríguez**
Vogais



## ACTIVIDADES







### a) Cursos de formación:

- *Tendencias actuais en terapia psicolóxica: Counselling e coaching*
  Datas: 9 e 10 de febreiro
  Docente: Ramiro Juan Álvarez Fernández
- *Tendencias actuais en terapia psicolóxica:*
  *A terapia de aceptación e compromiso*
  Datas: 1 e 2 de xuño.
  Docente: Ramiro Juan Álvarez Fernández
- *Hipnose indirecta e permisiva II*
  Datas: 8 e 9 de xuño.
  Docente: Hernán Cancio López
- *Terapia cognitivo-conductual da fobia social xeneralizada*
  Datas: 16 e 17 de novembro.
  Docente: Juan Sevillá Gascó

### b) Xornadas da Sección:

- **XII Xornada da Sección de Psicoloxía Clínica** co título de *Avances en Trastornos da Conduta Alimentaria*
  Data: 23 de novembro
  Lugar: Fundación Caixa Galicia en Santiago de Compostela

  **Comité Organizador:**
  Carmen Martínez Calvo. Presidenta.
  Jesús Pérez Hornero. Vogal.

  **Comité Científico:**
  Carlos Álvarez García. Presidente.
  Rosa Cerqueiro Landín. Vogal.
  Magdalena Silva Choren. Vogal.

### d) Anuario de Psicoloxía Clínica:

Comité de Redacción composto por:

**Gonzalo Martínez Sande**
Director

**Rosa Cerqueiro Landín**
**Marisol Filgueira Bouza**
**Delia Guitián Rodríguez**
**Manuel Santiago Lopo Lago**
**José Antonio Muñiz Torrado**
**Rosa Rey Pousada**
**José Luís Rodríguez-Arias Palomo**

En preparación o vindeiro número do Anuario de Psicoloxía Clínica dedicado á Psicoloxía Clínica no ámbito da Saúde.

**e) Grupos de traballo:**

- **Grupo de traballo dos titores dos facultativos especialistas en formación en psicoloxía clínica:**

  Santiago Lago Canzobre (Coordinador) / Mercedes Castro Bal / Miguel Anxo García Álvarez / Mª Carmen Martínez Sánchez / Gonzalo Martínez Sande / Julia Amalia Rodríguez Suárez

  O obxectivo do grupo é facer unha entrevista para valorar o actual sistema de formación de Psicólogos/as Internos Residentes en Galicia.

- **Grupo de traballo / comités organizador e científico do I Congreso Galego de Psicoloxía Clínica:**

  **Comité Científico:** Miguel Anxo García Álvarez (Presidente) / Xavier Sardiña Agra. (Secretario) / Felisa Balboa Cardoso / Francisco Blanco Romero / Jacinto José Casas Araujo / Marisol Filgueira Bouza / Dolores González Cabaleiro / Isabel González-Abraldes Iglesias / Santiago Lago Canzobre / Gonzalo Martínez Sande / María José Pérez Vázquez

  **Comité Organizador:** Miguel Anxo García Álvarez (Presidente) / Xavier Sardiña Agra (Secretario) / Manuel Castro Bouzas (Tesoureiro) / Manuel Lopo Lago / Pilar Millán Cerqueiro

**f)** **Participación nas Comisións Intersectoriais do COPG** de Mediación, Inmigración e Xénero.

**g)** Estase a traballar nunha análise do **Plan Estratéxico de Saúde Mental.**

**h)** **Elaboración dun protocolo para a Organización das Xornadas da Sección,** para facilitar aos comités organizadores o seu traballo de planificación, recordatorios importantes, cuestións de xestión ou orzamentarios, coordinación coa Xunta Directiva, etc.



# 4.2. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

## REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 11 de xaneiro
- 1 de febreiro
- 1 de marzo
- 12 de abril
- 28 de abril (Asemblea de Socios/as)
- 7 de xuño
- 28 de xuño
- 24 de outubro
- 6 de novembro
- 21 de decembro (Asemblea de Socios/as)



## COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

**Olegaria Mosqueda Bueno**
Presidenta

**José Manuel Pazos Riveiro**
Vicepresidente

**María Moya Casares**
Secretaria

**José Carlos Cardama Barrientos**
Tesoureiro

**Alfredo Fornos Pérez**
**Mª Jesús García Janeiro** (ata o 28 de abril)
**Onésimo Juncos Rabadán**
**Mª Concepción Pazo Ferreiro**
**Manuela del Palacio García** (a partires do 28 de abril)
Vogais

## ACTIVIDADES

**a) Xornadas da Sección**

- **IX Xornadas da Sección de Psicoloxía Educativa** co título de *Abordaxe da problemática infanto-xuvenil*
  Data: 28 de abril
  Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC

**b) Documentación elaborada:**

- "Necesidades da Orientación Educativa en Galicia", enviado á Consellería de Educación.
- Artigo "O papel da televisión na infancia", para RTVE.

**c) Medios de comunicación:** Varios membros da xunta directiva da sección participaron en programas de radio e concederon entrevistas á prensa escrita sobre temas puntuais de actualidade.

**d) Participación nas Comisións Intersectoriais do COPG** de Mediación, Inmigración e Xénero.

# 4.3. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

## REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 24 de febreiro,
  (Asemblea de Socios/as)
- 30 de xuño
- 5 de outubro
- 30 de novembro,
  (Asemblea de Socios/as)
- 21 de decembro

## COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

**Ramón Arce Fernández**
Presidente
**Juan L. Basanta Dopico**
Vicepresidente

**Mª Jesús Rodríguez Rodríguez**
Secretaria

**Luisa Mª Blanco Caramés**
Tesoureira

**Francisca Fariña Rivera**
**Mercedes Novo Pérez**
**Mª Avelina Piñeiro Salorio**
**Mª Rosario Pousa Torres**
**Antonia San Martín García**
Vogais









## ACTIVIDADES

**a) Cursos de formación:**

- *Psicopatoloxía forense: Técnica e procedemento*
  Datas: 29 e 30 de xuño
  Docente: Gualberto Buela Casal
- *Programas de prevención e intervención en drogas e delincuencia dende o contexto legal*
  Datas: 23 e 24 de novembro
  Docente: Pilar Bermejo González

**b) Xornada Anual da Sección de Psicoloxía Xurídica:**

- *Aspectos psicoxurídicos do menor:*
  *Un encontro interdisciplinar en torno ao menor*
  Data: 30 de novembro
  Lugar: Sede do COPG.

**c) Participación na Comisión de Periciais,** e elaboración dos baremos de inclusión no Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense.

**d)** Elaboración dun informe sobre **a situación do cobro dos honorarios das/os psicólogas/os peritas/os.**

**e) Participación nas Comisións Intersectoriais do COPG** de Mediación, Inmigración e Xénero.

# 4.4. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

## REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 15 de febreiro
- 27 de marzo
- 24 de abril
- 19 de outubro






## COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

**José Luís Domínguez Rey**
Coordinador

**José Manuel Campal Fernández**
**Mónica Couso Fuentes**
**Eva Muíño Gómez**
**Mª Concepción Prado Álvarez**
**Mercedes Sánchez Ferreño**
Vogais

## ACTIVIDADES

### a) Cursos de formación:

- **Sesión técnica:** *Como ser axentes de capacitación. O empowerment nos equipos de traballo*
  Data: 30 de marzo
  Docente: Lourdes Bermejo García
  Coorganizado coa Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG e co Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.

### b) Foro:

- *Valorando cambios: A división de Recursos Humanos*
  Data: 24 de novembro
  Lugar: Sede do COPG
  Ponentes: Manuel Vilches Nieto (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, S.A.) / Alfredo Fernández Herrero (Junta de Gobierno Consejo General de COP)
  Coordinación: José Luis Domínguez Rey

### c) Sesións Informativas sobre Psicoloxía do Traballo

**Coordinación:** José Luis Domínguez Rey
**Lugar:** Facultade de Psicoloxía da USC

- *Xestionando recursos humanos*
  Data: 6 de novembro
  Ponente: Olaya Ricoy Moure (Responsable de selección e formación. TECNOCOM)
- *Empresa de traballo temporal: Expectativas no mercado laboral*
  Data: 14 de novembro
  Ponente: Manuel Porto Nartallo (Responsable de selección de persoal. Ábside Recursos Humanos E.T.T., S.A.)
- *Estrutura e funcionamento dun centro municipal de emprego*
  Data: 20 de novembro
  Ponente: Emilio Lesta Casal (Xefe do departamento de emprego. Concello da Coruña)

**d) Presentación do** "Perfil profesional do/a orientador/a laboral"
Coordinación: Mª Concepción Prado Álvarez
Data: 19 de outubro
Lugar: Sede do COPG

**e) Documentación elaborada:**

Documentos informativos internos:

- "Acordo sobre o plan estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2006-2010". Febreiro 2007.
- "Acordo sobre o anteproxecto de lei de creación dun instituto de seguridade e saúde laboral en Galicia". Febreiro 2007.
- "Acordo a prol da responsabilidade social empresarial en Galicia". Febreiro 2007.
- "Acordo sobre o anteproxecto de lei de modificación da lei de creación do Consello Galego de relacións laborais". Febreiro 2007.
- "Acordo sobre o novo modelo do servizo público de emprego en Galicia". Febreiro 2007.

**e) Participación na elaboración dos**
*Perfís das/os Psicólogas/os das organizacións e dos recursos humanos*
Área: Saúde laboral e prevención. Consejo General de COP.

**f) Participación nas Comisións Intersectoriais do COPG**
de Mediación, Inmigración e Xénero.



# 4.5. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

## REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 10 de febreiro
- 16 de xuño
- 27 de outubro
- 15 de decembro.
- Asemblea de Socias/os.





## COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

**Encarna Álvarez Gallego**
Presidenta

**Elvira Cerdeiriña Vázquez**
Vicepresidenta

**David Facal Maio**
Secretario

**Mª José Fares Varela**
Tesoureira

**Aránzazu Balo García**
**Anxo Fernández González**
**Isabel González-Abraldes Iglesias**
**Mª Jesús López Cernadas**
**Silvia Rocha Acuña**
Vogais

## ACTIVIDADES

### a) Cursos de formación:

- **Sesión técnica:** *Como ser axentes de capacitación. O empowerment nos equipos de traballo*
  Data: 30 de marzo
  Docente: Lourdes Bermejo García
  Coorganizado coa Sección de PTO do COPG e co Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

- *O papel do/a psicólogo/a nos servizos sociais: Bases conceptuais e metodoloxía de traballo*
  Data: 19 de maio
  Docente: José Carlos León Jariego

### b) Foro:

- *Intervención Psicolóxica con familiares coidadores de persoas dependentes*
  Data: 15 de decembro
  Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC

### c) Sesións de traballo:

- *Profesionais na dirección e xestión de servizos de atención á dependencia*
  Data: 8 de marzo
- *Profesionais que traballan con familias nos Concellos*
  Data: 10 de marzo




**d) Grupos de traballo:**

- **Grupo de traballo sobre a elaboración do informe psicosocial:**

  Mª Jesús Calvo Camba
  Mª Elena Bastos Expósito
  Cristina Fontaíña García

  O seu obxectivo é o de clarexar cales son as tarefas que están a desenvolver os profesionais da psicoloxía neste ámbito, e a historia psicosocial que poden utilizar.

**e) Colaboracións:**

- Colaboración coa Facultade de Psicoloxía da USC para a elaboración de contidos do Máster Interuniversitario de Psicoxerontoloxía.
- Colaboración co Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos no grupo creado para o seguimento da Lei 39/2006 de Promoción da Autonomía Persoal e Atención as Persoas en situación de Dependencia, para o seu seguimento no conxunto do Estado.

**f) Difusión do tríptico** "Funcións do profesional da psicoloxía nos servizos a persoas maiores", elaborado en 2006 pola Sección e enviado no mes de febreiro de 2007 a tódolos centros residenciais para persoas maiores en Galicia.

**g) Participación nas Comisións Intersectoriais do COPG** de Mediación, Inmigración e Xénero.

# 5. COMISIÓNS

## 5.1. COMISIÓN INTERSECTORIAL DE MEDIACIÓN

A Comisión Intersectorial de Mediación está formada por un/unha representante de cada unha das seccións nomeado por cada unha destas.

A Comisión ten como obxectivo xeral dar a coñecer e impulsar a aplicación da mediación tanto entre as/os colexiadas/os coma nas institucións e na sociedade en xeral.

### REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 20 de xullo

### COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

**Juan M. Daponte Codina**
Coordinador

**Áurea Losada Quintairos**
Clínica

**María Moya Casares**
Educativa (ata o 18 de setembro)

**Manuela del Palacio García**
Educativa (a partires do 18 de setembro)

**Mª Jesús López Cernadas**
Intervención Social

**José Luis Domínguez Rey**
PTO

**Luisa Mª Blanco Caramés**
Xurídica



## ACTIVIDADES

### a) Cursos de formación:

- *Mediación emocional e dereito de familia*
  Datas: 9 e 10 de Novembro
  Docentes: Rosa Sánchez González-Dans
  Francisco Blanco Romero

### b) Xornadas:

- *Xornada Galega de Mediación Familiar*
  Data: 14 de decembro
  Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.
  Coorganizadas coa Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia

### c) Medios de comunicación:

- Entrevista ao coordinador da comisión no xornal La Voz de Galicia.
- Colaboración do coordinador en “Separacións e Divorcios” no suplemento dominical do xornal La Voz de Galicia.
- Intervención no espazo informativo A Entrevista da TVG.





# 5.2. COMISIÓN INTERSECTORIAL DE INMIGRACIÓN

A Comisión Intersectorial de Inmigración está formada por un/unha representante de cada unha das seccións nomeado por cada unha destas.

## REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 13 de marzo
- 15 de maio
- 16 de outubro
- 4 de decembro



## COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

**Hipólito Puente Carracedo**
Coordinador.

**Yolanda Castro Casanova**
Clínica

**José Manuel Pazos Riveiro**
Educativa

**Mª Jesús López Cernadas**
Intervención Social

**Mª Concepción Prado Álvarez**
PTO

**Mª Jesús Rodríguez Rodríguez**
Xurídica

## ACTIVIDADES

a) **Planificación** dunha reunión coas asociacións de inmigrantes de Galicia e materialización da mesma nas cidades de A Coruña e Santiago.

c) **Integración do COPG no Foro da Inmigración** con asistencia a reunións organizadas polo Foro.

d) **Asistencia** ás Xornadas das Asociacións de Inmigrantes de Galicia.

f) **Recollida de datos** actuais sobre a inmigración en Galicia.

g) **Carta aos presidentes e presidentas das Seccións do COPG** solicitando unha valoración de como afecta o fenómeno da inmigración á súa sección e que medidas propoñen.

# 5.3. COMISIÓN INTERSECTORIAL DE XÉNERO

A Comisión Intersectorial de Xénero está formada por un/unha representante de cada unha das seccións nomeado por cada unha destas.

## REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 7 de febreiro
- 7 de marzo
- 23 de maio
- 4 de xullo
- 19 de setembro
- 10 de outubro
- 14 de novembro
- 12 de decembro

## COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

**Concepción Fernández Fernández**
Coordinadora

**Rosa Cerqueiro Landín**
Clínica

**Mª Concepción Pazo Ferreiro**
Educativa

**Mª José Fares Varela**
Intervención Social

**Mª Concepción Prado Álvarez**
PTO

**Antonia San Martín García**
Xurídica

**Margarita de la Calle Bermejo**
Coordinadora Comisión CIM

**Joaquín Prieto Flores**
Coordinador Programa "Abramos o Círculo"

**Manuel Lopo Lago**
Coordinador Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero ou Doméstica

## ACTIVIDADES

**a) Cursos de formación:**

- *Curso básico de formación en violencia de xénero para psicólogas e psicólogos*
  Docente: Juan Carlos Prados Moreno
  Datas: 20 e 21 de abril
- *Actualización no estudo da violencia de xénero*
  Datas: 14 e 15 de decembro
  Docente: Victoria Ferrer Pérez

**b) Coordinación das charlas** "Saúde mental e coidado de persoas dependentes" en colaboración co Servizo Galego de Igualdade da Xunta de Galicia e impartidas ao longo do primeiro semestre do ano nos concellos de: A Lama, Cee, A Estrada, Lourenzá, Fene, Taboada, Allariz, Montederramo e Muxía.





c) **Coordinación dos obradoiros** "Xénero e coidado de persoas dependentes" en colaboración co Servizo Galego de Igualdade da Xunta de Galicia e impartidos ao longo do segundo semestre do ano nos concellos de Becerreá, A Bola, Punxín, Portas, Xinzo de Limia, Carballedo, Negreira, Corcubión, Cambados, Barro, Castrelo de Val, Bande e Moaña.

d) **Redacción do artigo de prensa:** "Pensando no Día Internacional das Mulleres", difundida o 8 de marzo. Publicado no portal Vieiros e na Revista de Pensamento Feminista *Andaina.*

d) **Conmemoración do 25 de novembro,** Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres:

- Elaboración da declaración institucional do COPG.
- Deseño e redacción dunha cuña publicitaria difundida pola Radio Galega entre os días 19 e 25 de novembro.
- Participación nas II Xornadas Estatais contra a Violencia de Xénero: Pola Igualdade Real, organizadas polo Consejo General de COP e celebradas os días 16 e 17 de novembro en Cáceres.

e) **Proposta da Marcha Mundial das Mulleres** para o Premio "Eu Tamén Navegar. Para unha Galiza sen violencia de xénero" promovido pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

## 5.4. COMISIÓN DE PSICOLOXÍA DO DEPORTE

### REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 14 de abril

### COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

**Mª Dolores González Fernández**
Coordinadora

**Cristina Mª de Francisco Palacios**
**Eva García Quinteiro**
**Graciela Lois Río**
**Mª Carmen López Rodríguez**
**Rut Otero Triñanes**
**Julio Prol Bao**
**Mario Salvador Fernández**
**Delfina Vicente Santiago**

### ACTIVIDADES

Elaboración dunha proposta de convenio entre o COPG e a *Fundación Educación, Deporte y Salud* (FEDYS).



## 5.3. COMISIÓN DE CULTURA

O COPG, para conmemorar o mes das letras, celebrou o 15 de maio no Café Casino de Santiago de Compostela un recital poético-musical. No acto participaron os/as poetas do Club dos Poetas Vivos: Artur Alonso Novelhe, Belén de Andrade, Concha Rousía e José Manuel Barbosa, así como o contacontos Anxo, O Carballo con botas, e o músico Servando Barreiros.

# 6. GRUPOS DE TRABALLO

## 6.1. GIPCE. GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS

### REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 17 de xaneiro
- 14 de febreiro
- 14 de marzo
- 11 de abril
- 9 de maio
- 6 de xuño
- 11 de xullo
- 21 de agosto
- 12 de setembro
- 10 de outubro
- 13 de novembro
- 12 de decembro



### COMPOSICIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

**Ana Isabel Martínez Arranz**
Coordinadora

**José Luis Domínguez Rey**
**Alejandra Garralón Comesaña**
**Elena González Cid** (a partires do 9 de maio)
**Juan Luis González Pérez** (a partires do 17 de xaneiro)
**Mª José López Torrón**
**Mª Luz Losada Somoza** (a partires do 14 de febreiro)
**Ana Mª Núñez Rubines** (a partires do 6 de xuño)
**Antonio Pérez Atanes**
**Ángela Ruíz Iglesias** (ata o 11 de abril)
**Isabel Vázquez Prado**

### ACTIVIDADES

**a) Actividades formativas:**

- Visitas ao 112
  Datas: 3 de febreiro e 21 de abril
  Lugar: Instalacións do 112 en Santiago de Compostela
- Seminarios de casos prácticos
  Datas: 10 de marzo e o 26 de maio
  Lugar: Sede do COPG
- II Xornada de Protocolos
  Data: 24 de marzo
  Lugar: Sede do COPG
- Xornada de traballo co Grupo de Gardas
  Data: 5 de maio
  Lugar: Sede do COPG
- Xornadas sobre Intervención en Emerxencias e Catástrofes
  Datas: 5 e 6 de outubro
  Lugar: Academia Galega de Seguridade na Estrada






**b) Documentación:**

- Envío da Ficha GIPCE para actualizar datos sobre os integrantes do grupo.
- Boletíns Informativos do GIPCE nos meses de xaneiro, abril, xullo e novembro.

**c) Mobilizacións e intervencións**

- **25 de xaneiro.** O Grove. Accidente de circulación con falecemento de tres membros dunha mesma familia.
- **2 de febreiro.** Porto do Son. Afogamento dun mariñeiro
- **26 de febreiro.** Cangas. Intervención coa familia dun mariñeiro morto en alta mar.
- **25 de abril a 1 de maio.** Valga. Accidente entre un tren e un vehículo.
- **28 de maio.** Burela. Afogamento de varios mariñeiros polo afundimento do seu barco.
- **6 de xuño.** Cervantes. Activación. Accidente de tráfico no que morren 2 membros da brigada contra incendios.
- **10 e 11 de xuño.** Rois. Accidente laboral na vía rápida do Barbanza do falecemento dunha persoa.
- **Mes de agosto.** Aurora Rozadilla Arias, membro do GIPCE, interveu no terremoto de Perú a través da AECI, Axencia Española para a Cooperación Internacional.
- **7 e 8 de setembro.** Vigo. Accidente laboral nas obras do AVE no Carballiño con falecemento de traballadores.
- **21 de setembro.** Cerceda. Accidente nas obras do AVE.
- **12 de outubro.** Pontevedra. Accidente de tráfico con falecemento de catro membros dunha mesma familia.
- **13 de novembro:** Petición de designación dun representante do GIPCE para o plan de emerxencia exterior de “Regasificadora del Noroeste S.A. (Reganosa)”. Mándase a designación da coordinadora do GIPCE.
- **14 de novembro.** Simulacro do 112. Accidente de tren dirección A Coruña-Vigo, nº de tren 2521, hai 20 persoas feridas, non transporta mercadorías perigosas.

# 6.2. GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

## REUNIÓNS DA COMISIÓN COORDINADORA

Celebráronse nas seguintes datas:

- 11 de xaneiro
- 15 de febreiro
- 15 de marzo
- 19 de abril
- 31 de maio
- 12 de xullo
- 20 de setembro
- 22 de novembro

## REUNIÓNS DO GRUPO DE TRABALLO

Celebráronse nas seguintes datas:

- 27 de xaneiro
- 24 de febreiro
- 28 de marzo
- 15 de maio
- 27 de outubro



## COMPOSICIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

**Eva Muíño Gómez**
Coordinadora

**Eduardo Anoeta Rodríguez**
**Mª Gumersinda Cao Míguez**
**Pilar Casal Devesa**
**Rosa Mª Domínguez Cameán**
**Carlos Gestal Gestal**
**Mª Jesús Sánchez Peteiro**
**Noemí Vázquez de la Iglesia**

## ACTIVIDADES

**a) Actividades formativas:**

- *Xornada Técnica Actitudes e cambio de conduta*
  Data: 15 de xuño
  Lugar: Sede do COPG
- *I Xornada de Psicoloxía Galega de Tráfico e Seguridade*
  Data: 1 de decembro
  Lugar: Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela

**b) Documentación elaborada:**

- Modelo de sesión didáctica, versión reducida, para a intervención nos curso do carné por puntos.
- Cuestionario de avaliación dos cursos de sensibilización.
- Enquisa para primeira recollida de datos relacionados co factor humano na condución.
- Calendario de peto con referencia á “atención na condución” co obxectivo de dar a coñecer ao Grupo.
- Redacción da nota de prensa pola celebración do Día europeo da seguridade viaria, difundida o 27 de abril.
- Redacción da nota de prensa coas conclusións da I Xornada de Psicoloxía Galega de Tráfico e Seguridade, difundida o 4 de decembro.

**b) Participación en:**

- Visita ao Parque de Educación Viaria de Amio o 14 de marzo.
- Curso de formación teórico-práctica de intervención psicosocial con vítimas da violencia viaria en Porto do Son o 30 de marzo.
- Xornadas sobre mobilidade, prevención e seguridade viaria, en Vilagarcía o 27 de abril.
- Campaña de MAPFRE "Espazos de saúde e seguridade viaria: Xente maior, xente san, xente segura" o 19 de xuño.
- Acto de conmemoración do Día internacional da violencia viaria en Santiago o 17 de novembro.

**c) Reunión da coordinadora do Grupo,** Eva Muíño Gómez, con:

- Representantes da Facultade de Psicoloxía da USC o 23 e 24 de xaneiro e o 12 de marzo.
- Representantes da Policía Local da Coruña o 4 de maio.

**d) Subscrición do COPG** á Carta Europea de Seguridade Viaria.

**e) Presentación dos datos recollidos** na primeira aproximación ao estudo do factor humano e a condución en colaboración coa USC.

**f) Medios de comunicación:** participación en programas de radio e entrevistas a prensa escrita sobre temas puntuais de tráfico e seguridade.



# 6.3. GRUPO DE TRABALLO DOS/AS PSICÓLOGOS/AS DOS CIM

## REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 31 de xaneiro
- 2 de maio
- 16 de maio
- 20 de xuño

## COMPOSICIÓN DO GRUPO

**Margarita de la Calle Bermejo**
Coordinadora

**Elena González Cid**
**Valentín López Aira**
**Ángeles Pazos Sieira**
**Montserrat Pérez Suárez**
**José Manuel Valdivia Moreno**

## ACTIVIDADES

a) **Reestruturación** das representantes da provincia da Coruña.

b) **Elaboración** protocolo de funcións comúns.

c) **Valoración** proposta de formar parte da Sección de Intervención Social.

d) **Elaboración** de modelos e condicións de informes.

e) **Participación da Coordinadora do Grupo de Traballo** na Comisión Intersectorial de Xénero do COPG.



# 7. CONVENIOS COA ADMINISTRACIÓN

## 7.1. PROGRAMA "ABRAMOS O CÍRCULO"

Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e o COPG para a atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar. Asinado no mes de febreiro.

### COORDINADOR

**Joaquín Prieto Flores**

## ACTIVIDADES

a) **Curso:**

*A conciencia do outro: Agresores, vítimas e violencia desde unha perspectiva construtivista*
Data: 1 de decembro
Docente: Jesús García Martínez

b) **Ampliación da rede de asistencia** coa incorporación de novas/os psicólogas/os no Programa.

c) **Actividades formativas/informativas:**

- Manuel Lopo Lago presentou o Programa nas Xornadas organizadas pola Asociación Asturiana de Terapia Familiar no mes de febreiro.
- Ángeles Castro Díaz participou nunha conferencia no cárcere de Teixeiro sobre o tema “Violencia de xénero”.
- Joaquín Prieto Flores participou como ponente nas xornadas sobre “Violencia de xénero” organizadas polo Concello de Cambre (A Coruña).

d) **Atendéronse chamadas de profesionais** procedentes de diferentes institucións, (servizos sociais penitenciarios, centros de atención á muller, xulgados e particulares) interesándose polas características do Programa e solicitando orientación.

e) **Medios de comunicación:** Atendéronse varias entrevistas para os medios de prensa escrita e audiovisual.

f) **Participación do Coordinador do Programa** na Comisión Intersectorial de Xénero do COPG.

g) **Intervención:**

- Ao longo do ano admitíronse no programa 62 novos casos, ademais de manterse a atención de casos pertencentes a anos anteriores.
- No seu conxunto, no Programa “Abramos o Círculo” leváronse este ano a cabo un total de 445 sesións de intervención psicolóxica.
- Os casos novos neste ano relaciónanse de seguido segundo a provincia onde reciben atención:

| | |
|---|---|
| **A Coruña** | 30 |
| **Lugo** | 0 |
| **Ourense** | 4 |
| **Pontevedra** | 27 |

## 7.2. PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO OU DOMÉSTICA

Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller da Xunta de Galicia e o COPG para a atención psicolóxica a mulleres que están a sufrir ou teñan sufrido violencia de xénero ou doméstica e, complementariamente, a menores e outras persoas dependentes delas que teñan pasado pola mesma situación. Asinado no mes de marzo.

### COORDINADOR

Manuel Lopo Lago

### ACTIVIDADES

a) **Xornada de para as/os psicólogas/os do Programa e dos CIM:**

- *As intervencións clínicas con mulleres sometidas violencia de xénero dende os distintos modelos teóricos*
  Data: 15 de decembro
  Ponentes: Sonia Argibay Graña, Concha Rodríguez Pérez, Camila Vidal Gutiérrez, Mónica Couso Fuentes

b) **Ampliación da rede de asistencia** coa incorporación de novas/os psicólogas/os no Programa.

c) **Actividades formativas/informativas:**

- Xornada de formación nos Módulos de FP de Integración Social e Xardín de Infancia do Centro San Xosé da Guía de Vigo. 26/01/2007.
- Obradoiro sobre Violencia de Xénero e Traballo Terapéutico con "maltratadores" da Asociación Asturiana de Terapia Familiar en Oviedo. 2 e 3/02/2007.
- Mesa redonda coa participación de Pilar González García, psicóloga do Programa e o coordinador do mesmo na Mesa organizada no XVIII Congreso de SEMES (Urxencias) Galicia. 20/04/2007.
- Relator nas Xornadas sobre violencia contra a muller e medios de comunicación. Organizadas polo CIAM do Concello de Pontevedra. 09/11/2007.
- Conferencia de 2 horas de duración para os/as alumnos/as do Modulo de FP Superior de Integración Social. Centro San Xosé da Guía de Vigo. 16/11/2007.

**d) Medios de comunicación:**

- Atendéronse varias entrevistas para os medios de prensa escrita e audiovisual.
- Artigo publicado na revista TEMPOS NOVOS Sección "Tres en raia" (nº 122, xullo 2007) sobre o papel dos medios na información da violencia de xénero.

**e) Participación do Coordinador do Programa** na Comisión Intersectorial de Xénero do COPG.

**f) Intervención:**

- Ao longo do ano admitíronse no programa 196 novos casos, ademais de manterse a atención de casos pertencentes a anos anteriores. Foron atendidos/as tamén 69 menores dependentes das usuarias.
- Os casos neste ano relaciónanse de seguido segundo a provincia onde reciben atención:

| | |
|---|---|
| **A Coruña** | 127 |
| **Lugo** | 13 |
| **Ourense** | 8 |
| **Pontevedra** | 58 |



# 7.3. PROGRAMA DE MEDIAGAL MEDIACIÓN FAMILIAR EN GALICIA



Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e o COPG para o desenvolvemento do programa de mediación familiar en Galicia. Asinado no mes de decembro.

O obxecto deste convenio é a xestión do programa Mediagal de Mediación Familiar en Galicia e a organización, coordinación e formación dunha quenda de mediadoras/es partícipes.

## COORDINADOR

**Juan Manuel Daponte Codina**

## ACTIVIDADES

### a) Xornadas:

- *Xornada Galega de Mediación Familiar*
  Data: 14 de decembro
  Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.
  Coorganizadas coa Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia

### b) Designacións:

- Realizada unha designación na provincia da Coruña



## 7.4. QUENDA DE INTERVENCIÓN PROFESIONAL PARA A EMISIÓN DE INFORMES PSICOLÓXICOS NOS CASOS DE ADOPCIÓN INTERNACIONAL

Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e os Colexios Oficiais de Psicólogos de Diplomados en Traballo Social de Galicia para a elaboración de informes de valoración dos solicitantes de adopción internacional. Asinado no mes de xuño.

O obxecto deste convenio é a organización, coordinación e formación dunha quenda de psicólogas/os partícipes e a emisión de informes solicitados pola Xunta de Galicia.

### COORDINADORA

**Mª Victoria Vilán Pérez**

### ACTIVIDADES

**a) Formación:**

- *Curso de avaliación da idoneidade para a adopción internacional*
  Datas: 7 e 8 de setembro
  Docentes: Juan Alonso Casalilla Galán
  Fernando Bermejo Cuadrillero
- *Sesión formativa para a avaliación da idoneidade para a adopción internacional*
  Data: 6 de outubro
  Docente: Juan Alonso Casalilla Galán

**b) Designacións:**

- Emitíronse un total de 24 informes de idoneidade solicitados pola Xunta de Galicia no ámbito provincial de Pontevedra.



## 7.5. INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS

Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e o COPG en materia de protección civil. Asinado no mes de maio.

O obxecto deste convenio é aportar apoio á acción permanente dos órganos e autoridades competentes en protección civil para a prevención e atención ante as emerxencias.

O COPG ven sostendo un Grupo de Traballo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) –ver detalle das actividades realizadas polo GIPCE no epígrafe 6.1 desta Memoria de Actividades–. O GIPCE, organizado en forma de rede activable, con capacitación técnica e dotado da necesaria estruturación organizativa, ofrece un recurso necesario e preparado para a resposta de intervención psicolóxica en desastres de media e grande magnitude



# 8. SERVIZO DE INTERVENCIÓN EN PSICOLOXÍA FORENSE

O principal fin do Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense é o nomeamento de psicólogos/as peritos perante a Administración de Xustiza.

No ano 2007 actualizáronse os listados quedando establecidos catro ámbitos xeográficos (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra) 3 áreas de intervención (Civil, Penal e Social, Laboral e outros).

Durante o 2007 fixéronse 3 designación de peritos psicólogos/as para a realización de informes periciais solicitados por diferentes Xulgados de Galicia.



# 9. BECA SIOTA DE INVESTIGACIÓN EN PSICOLOXÍA

## V EDICIÓN DA BECA SIOTA

Composición do Comité Seleccionador desta edición:

**Mª Rosa Álvarez Prada**
**Ana Mª Fieira Nogareda**
**Carlos Álvarez García**
**Rosa Cerqueiro Landín**
**Ana Jartín Abraira**
**Angel Antonio Otero Rodríguez**
**Gloria Seoane Pesqueira**

O 18 de xaneiro 2007 o comité seleccionador da Beca Siota de Investigación en Psicoloxía, mantivo unha xuntanza cos autores do proxecto premiado na V Edición da mesma titulado "*Avaliación do perfil psicopatolóxico en adolescentes galegos usuarios de Centro Terapéutico de Menores de Reforma, ingresados ao amparo da L.O.R.P.M. 5/2000: Relación entre psicopatoloxía adolescente, delincuencia e contexto socio-familiar*", Raquel Gude Saíñas e Ricardo Fandiño Pascual, de cara a facer unha serie de apreciacións a respecto do traballo presentado e de entregar a dotación económica do premio correspondente ao primeiro ano de investigación.

# 10. REPRESENTACIÓN COLEXIAL NOS CONSELLOS

**Consello Galego de Servizos Sociais**
*Titular:* Mª Teresa Hermida Pérez
*Suplente:* Encarna Álvarez Gallego

**Consello Provincial de Servizos Sociais da Coruña**
*Titular:* Encarna Álvarez Gallego
*Suplente:* Mª Ángeles Castro Díaz

**Consello Provincial de Servizos Sociais de Lugo**
*Titular:* Isolina Rodríguez López
*Suplente:* Julio González Morandeira

**Consello Provincial de Servizos Sociais de Ourense.**
*Titular:* José Antonio López Fontelo
*Suplente:* Isabel Blanco Yáñez

**Consello Provincial de Servizos Sociais de Pontevedra**
*Titular:* Felisa Balboa Cardoso
*Suplente:* Mª Jesús Cejudo López

**Consello Galego de Saúde**
*Titular:* Mercedes Castro Bal
*Suplente:* Xavier Sardiña Agra

**Consello Municipal de Servizos Sociais do Concello de Vigo**
*Titular:* Ana Mª Fieira Nogareda.
*Suplente:* María Sierra Abraín *(ata o 28 de decembro)*

**Consello Municipal de Saúde do Concello de Vigo**
